



CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos 10/2023, modalidade suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesorería, o que se publica aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Estado de gastos

Aplicación		Descripción	Suplemento de crédito
Progr.	Económica		
160	22501	Alcantarrilado. Tr ibutos CA	36.000,00
161	633	Servizo abastecemento auga, inversiones de reposición de instalacións técnicas	1.835,84
172	22799	Proteccion e mellora medio ambiente, servizos prestados por outras empresas	8.130,24
		TOTAL	45.966,08

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Altas en Conceptos de Ingresos

Aplicación: económica			Descripción	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	7	000	Remanente de tesoreria para gastos xerais	45.966,08
			TOTAL INGRESOS	45.966,08

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Alfoz, 10 de novembro de 2023.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 3521

ANTAS DE ULLA*Anuncio*

Logo de aprobar por Resolución de Alcaldía, de data 10 de novembro de 2023, as bases e a convocatoria para a contratación, en réxime de persoal laboral temporal, dunha praza de traballador/a social, a xornada completa, durante un período de 6 meses de duración, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de dez días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de Antas de Ulla, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres, ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Cando as solicitudes se presente fóra do rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir comunicación por fax (982379100) ou ao correo electrónico concello.antasdeulla@eidolocal.es comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente, antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes.

Requisitos: os establecidos nas bases das convocatorias que se atopan a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Antas de Ulla (<https://concellodeantas.sedelectronica.gal>).

Antas de Ulla, 10 de novembro de 2023.- A Alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 3532

BALEIRA*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2023**

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria do Pleno deste concello, do día 17 de novembro do 2023, o Orzamento xeral, as bases de execución e o cadro de persoal funcionario e laboral para o exercicio económico de 2023, de acordo co previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, expóñese ao público o expediente e a documentación preceptiva por un prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, para os efectos de reclamacións e alegacións.

Conforme o acordo adoptado, o Orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións. No caso de que se presentasen alegacións e/ou reclamacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, segundo o establecido no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Baleira, 17 de novembro do 2023.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 3578

FRIOL*Anuncio***BASES PARA A PROVISION TEMPORAL DUNHA PRAZA DE "SUBSTITUCIÓN DA SECRETARÍA DO XULGADO DE PAZ DE FRIOL.****1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

Constitúe o obxecto da convocatoria a provisión en orde á substitución da encargada da Secretaría do Xulgado de Paz de Friol en horario de 10:00 a 14:00 Horas (xornada parcial do 75%), durante o período de baixa por enfermidade da titular da praza, así como os posibles períodos posteriores que o fagan preciso. Terá os mesmos cometidos que ten asignados á titular do posto.. A convocatoria faise para a cobertura do posto con carácter temporal, polo sistema de concurso, conforme á tramitación esixida pola vixente lexislación, con carácter de urxencia, en orde á mais pronta cobertura do servizo.

Nº Postos	Servizo	Duración da Contratación
1	Secretaría do Xulgado de Paz de Friol	Duración da baixa e posibles periodos posteriores.

Formalizarase co persoal seleccionado un contrato de traballo a tempo parcial, de conformidade co previsto no Estatuto dos Traballadores, coa duración unha duración que proceda á vista das circunstancias que motivan a convocatoria.

Servizo	Xornada	Retribucións
Secretaría Xulgado de Paz de Friol	Parcial. 75%	1.156,16 € Brutos/Mes. Incluída a prorrata da paga extra.

Serán funcións a desempeñar polo/a contratado/a as propias de persoal administrativo, segundo as necesidades do servizo e na procura dunha boa marcha do mesmo. Todo elo, sen prexuízo das instrucións que ao respecto poida ditar a Alcaldía ou a concellería delegada por necesidades dos servizos municipais. As funcións a realizar polo/a Secretario/a, serán entre outras as seguintes:

- Notificacións, citacións, emplacements e requirimentos.
- Rexistros de entrada e saída.
- Atención ao público presencial e telefónica.
- Arquivo.
- Asistencia a actos de conciliación e outros actos xudiciais que requiran a súa presenza.
- Inscripcións de nacemento, matrimonio, separación e divorcio, capitulacións matrimoniais, defuncións; expedición de certificacións; fe de vida, e calquera outras relacionadas co rexistro civil.
- colaborar no funcionamento das restantes oficinas municipais, no caso de que a acumulación de tarefas ou calquera outra circunstancia o fixera preciso.

2.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para ser admitidos/as no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadá membro dun Estado da Comunidade Europea, Os cónxuxes dos españois ou dos nacionais dos Estados membros da U.E. sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e o seu cónxuxe, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes. Tamén os estranxeiros/as dun estado non integrado na U.E. que teña residencia legal en España e poida acceder sen limitacións ao mercado laboral.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa.
- c) Estar no posesión do título de Bacharelato superior, Formación Profesional Segundo Grado, ou equivalentes.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que lle son propias
- e) Non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- f) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional de outro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. No caso de ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante declaración normal baixo xuramento ou promesa.

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polos/as aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de instancias, debendo manterse as mesmas durante todo o proceso selectivo. Quen obteña o posto obxecto desta convocatoria, estará suxeito/a ao réxime de incompatibilidades que determinen as disposicións vixentes

3.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS/AS CANDIDATOS/AS.

3.1 Os/as que desexen tomar parte no proceso selectivo, deberán presentar solicitud no modelo oficial que estará a disposición dos interesados nas dependencias administrativas do Concello e na sede electrónica do Concello de Friol (<https:frjol.sedelectronica.gal>) dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, ou por medio dos restantes medios admitidos legalmente

3.2 Para ser admitido/a ao proceso de selección os/as aspirantes manifestarán na súa solicitud declaración xurada de non estar separado por expediente disciplinario do Servizo de calquera administración pública, de non atoparse en causa de incompatibilidade ou incapacidade e de non padecer enfermidade, nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo

3.3 Coas instancias, nas que se pon de manifesto que se aceptan as bases da convocatoria, deberán acompañar o N.I.F. ou documento equivalente expedida pola autoridade competente do país de orixe e tódolos documentos xustificativos dos méritos alegados conforme ao baremo que figura na convocatoria. A falta de

acreditación dos méritos alegados na correspondente instancia, determinará a imposibilidade de valoración dos mesmos.

3..4. O prazo de presentación de instancias será de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ademais da publicación no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Friol (friol.sedelectronica.gal). No caso de que o proceso remate en día inhábil, entenderase prorrogado ao día hábil seguinte. As sucesivas publicacións serán tamén unicamente no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Friol (friol.sedelectronica.gal)

3..5. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Friol (Praza de España, 4 de Friol) en horario de 09:00 a 14:00 Horas ou ben nos lugares e na forma que determina o art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Xunto coa instancia deberase presentar a seguinte documentación, orixinal ou copia cotexada:

-Fotocopia do D.N.I., pasaporte ou tarxeta de residente cotexada co seu orixinal.

-Declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de cumprir os requisitos no apartado 2ª das presentes bases, segundo o modelo que figura nestas bases como Anexo I.

-Copia cotexada co seu orixinal do título de Bacharelato superior, Formación Profesional de Segundo Grado, ou equivalente.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Friol (Lugo), poderanse, así mesmo, remitir de forma determinada no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Os/as aspirantes que presenten as solicitudes por Correo Postal, deberán para a remitir antes da data de expiración do prazo, unha comunicación por Fax ao Concello (982.37.52.06) ou no correo electrónico obras@concellodefriol.es, comunicando a presentación da solicitude co selo de correos. Sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso, se chega con posterioridade ao prazo, establecido presentación de instancias, á vista da urxencia da convocatoria.

4.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. A resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Friol (friol.sedelectronica.gal) sinalándose un prazo de dous días naturais contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os/as aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento de oficio ou a petición do/a interesado/a. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído/a definitivamente da lista de aspirantes.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución aprobando a lista definitiva, así como a designación do tribunal encargado da selección. Na mesma sinalarase lugar e hora de constitución do tribunal, procedendo seguidamente en unidade de acto, á realización da valoración dos méritos e da entrevista personal. En relación coa devandita resolución, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

Os datos persoais (nome, apelidos, enderezo aos efectos de notificación) dos/as candidatos/as que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación, respectando o establecido na normativa de protección de datos.

5.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador encargado da valoración dos méritos para a provisión temporal mediante concurso da praza de "Substitución da Secretaria do Xulgado de Paz de Friol" a que se refire as presentes bases estará composto por:

Presidente/a: O persoal funcionario da Administración Local que se nomee.

Secretario/a: O Secretario da Corporación ou funcionario da Corporación no que delegue.

Vogais: Tres vogais persoal funcionario ou laboral fixo dunha administración local designados/as ao efecto polo sr. Alcalde.

As persoas que formen parte do tribunal deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para o acceso ao posto convocado e para cada un dos membros do tribunal, asignarase un suplente.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Tamén poderán ser recusados de conformidade co establecido no art. 24 da devandita lei.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente, que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do tribunal de acordo co disposto nos art. 1.1 d) e 27.1b), 29 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

6.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN-

O procedemento de selección será de conformidade co seguinte:

6.1 Méritos (Puntuación Máxima: 10 Puntos)

6.1.A) Experiencia Profesional: (Puntuación Máxima: 5,00 Puntos)

6.1.A.1) Por servizos prestados na Administración Pública Estatal, Autonómica ou Local, en postos de traballo relacionados co obxecto da convocatoria, desempeño en labores administrativas en xulgados de paz ou outros órganos xudiciais a razón de 0,50 puntos por mes, ata un máximo de 2,00 Puntos. Para acreditar estes traballos os/as interesados/as deberán presentar certificacións das Administracións de que se trate onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia autenticada dos nomeamentos ou contratos de traballo subscritos para o efecto e modelo oficial de vida laboral. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

6.1.A.2) Por servizos prestados na Administración Pública Estatal, Autonómica ou Local, en outros postos de traballo de labores administrativas (Subgrupo C1) a razón de 0,10 puntos por mes, ata un máximo de 1,75 Puntos. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar certificación das Administracións de que se trate onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia autenticada dos nomeamentos ou contratos de traballo subscritos para o efecto e modelo oficial de vida laboral. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

6.1.A.3) Por experiencia profesional referida á empresa privada, no que se refire ao desempeño de traballo de labores administrativas, a razón de 0,10 puntos por mes, ata un máximo de 1,25 Puntos. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar copia dos contratos de traballo subscritos para o efecto e modelo oficial de vida laboral. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

6.1.B) Formación: (Puntuación Máxima: 4,50 Puntos)

6.1.B.1) Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo (informática, mecanografía ou outros relacionados coa formación complementaria para o desenvolvemento de labores administrativas, funcionamento da administración da xustiza, procedemento administrativo, impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 3,00 puntos. Os cursos que, a xuízo do órgano de selección, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto, non serán puntuados. Soamente se valorará a formación realizada dende o ano 2005 ata a data actual non valorándose a formación anterior. As valoracións serán de conformidade coa seguinte táboa:

Menos de 10 horas (ou que non expresen número): 0,02 puntos.

- De 10 a 20 horas: 0,05 puntos.
- De 21 a 50 horas: 0,10 puntos.
- De 51 a 100 horas: 0,20 puntos.
- De 101 a 200 horas: 0,50 puntos.
- De mais de 201 horas: 0,75 puntos

6.1.B.2) Coñecemento do idioma galego: soamente terán validez os cursos ou titulacións oficiais ou que foran oficialmente obxecto de homologación, non podendo ser obxecto de acumulación, computándose unicamente o grado superior, ata un máximo de 0.50 puntos. Valoraranse de conformidade coas seguintes puntuacións:

- Celga 3 ou Grao de iniciación: 0,25 puntos.
- Celga 4 ou Grao de perfeccionamento: 0,50 puntos.

6.1.B.3) Por formación superior á esixida para o desempeño do posto de traballo valorarase ata un máximo de 1,00 puntos, a razón de:

- 0,25 puntos por ter superado a proba de acceso á universidade.

- 1,00 punto por titulación por titulación universitaria, grado ou equivalentes. No caso de posuir titulación, non se acumulará a puntuación por ter superado o acceso á universidade.

6.1.C.) Entrevista Persoal: (Puntuación Máxima: 0.50 Puntos).

Entrevista persoal realizada polo órgano de selección a fin de concretar a idoneidade do/a candidato/a para o axeitado desenvolvemento das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, valorándose entre outros aspectos a aptitude e actitude para o posto, o currículo, o coñecemento do medio, a criterio ponderado do órgano de selección ata un máximo de 0.50 puntos.

6.2 Puntuación Total.

A puntuación total de cada aspirante no proceso selectivo virá determinado pola suma dos puntos acadados na fase de méritos. O tribunal de selección determinará a lista provisional de aprobados e a orde provisional, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Friol (<https://friol.sedelectronica.gal>) a efectos de posibles reclamacións durante un período de tres días naturais, que serán resoltas polo tribunal.

7.- LISTA DE APROBADOS/AS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Rematada a fase anterior o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello de Friol (friol.sedelectronica.gal) a lista definitiva de aprobados por orde de puntuación obtida. En caso de empate será nomeado o aspirante que tivera maior puntuación no apartado 6.1.A.1) da fase de méritos (Por servizos prestados na Administración Pública Estatal, Autonómica ou Local, en postos de traballo relacionados co obxecto da convocatoria, desempeño en labores administrativas en xulgados de paz ou outros órganos xudiciais). De persistir o empate, o aspirante que obtivera maior puntuación no apartado 6.1.A.2) da fase de méritos (Por servizos prestados na Administración Pública Estatal, Autonómica ou Local, en outros postos de traballo de labores administrativas). De persistir o empate o aspirante que obtivera maior puntuación no apartado 6.1.B.3) da fase de méritos (Por titulación superior á esixida para o desempeño do posto de traballo). Se persiste o empate, por sorteo.

O/a aspirante seleccionado/a, no prazo de tres días naturais contados dende o día seguinte se fixese pública a lista definitiva de aprobados, deberá presentar na Secretaría do Concello de Friol, os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

- a) Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- b) Certificado de número de conta bancario.

Os que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser contratados. Neste caso poderá ser substituído/a polo/aa seguinte da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de permisos, baixa, enfermidade, etc.

Os/as que non teñan a puntuación suficiente para acadar posto de traballo, pasarán a formar parte de unha bolsa de traballo, de tal xeito que cando o concello necesite un traballador de estas características para o mesmo servizo, acudirá á lista, chamando ao efecto pola orde de prioridade, segundo a puntuación obtida.

8.- DISPOSICIÓN FINAL-

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para a adopción dos acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases. Asimesmo poderase acudir á xurisdición competente para resolver a as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Friol (friol.sedelectronica.gal) ante o Alcalde do Concello, de conformidade co descrito na Lei 39/2015, ou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Friol e na sede electrónica do Concello de Friol (friol.sedelectronica.gal) de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso- administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese consideran máis conveniente para o seu dereito.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de Outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, o Real Decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto

refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como pola restante normativa Estatal ou Autonómica vixente que sexan de aplicación por razón de materia.

Friol, 9 de novembro de 2023. O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE.

D./D^a _____ con N.I.F. número _____
con enderezo a efectos de notificación en _____ na rúa _____, teléfono de contacto _____

Enterado/a pola publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo da convocatoria para a provisión de substitución para o desempeño de Secretaría do Xulgado de Paz de Friol durante o periodo de baixa da titular e posibles periodos posteriores.

Por medio do presente escrito:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que coñece o contido das bases reguladoras da convocatoria, manifestando a conformidade coa realización do proceso selectivo de acordo co establecido nas bases aceptando integramente as mesmas.
- Que son certos os datos consignados na solicitude.
- Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- Que na data da presentación da solicitude reúne tódalas condicións e requisitos esixidos nas bases, que se compromete a probar documentalmente,
- Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin está inhabilitado/a para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

SOLICITA:

Que se admita a presente solicitude, para concorrer ao proceso selectivo incoado aos efectos da provisión do posto, axuntando ao mesmo copias autenticadas da documentación acreditativa dos méritos alegados, que se relacionan na presente solicitude, no cadro adxunto, a efectos da súa valoración polo órgano encargado da provisión dos mesmos.

Friol a _ de novembro de 2023

SR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL

CADRO DE MÉRITOS**SERVIZOS PRESTADOS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA LABORES ADMINISTRATIVAS EN XULGADOS DE PAZ OU OUTROS ÓRGANOS XUDICIAIS**

Nome da Administración	Meses
1.-	
2.-	
3.-	
4.-	
5.-	

SERVIZOS PRESTADOS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA LABORES ADMINISTRATIVAS

Nome da Administración	Meses
1.-	
2.-	
3.-	
4.-	
5.-	

SERVIZOS PRESTADOS NA EMPRESA PRIVADA

Nome da Empresa	Meses
1.-	
2.-	
3.-	
4.-	
5.-	

CURSOS

Denominación	Horas
1.-	
2.-	
3.-	
4.-	
5.-	
6.-	

CURSOS LINGUA GALEGA (MARCAR O QUE CORRESPONDA)

CELGA 3	SI	NON
CELGA 4	SI	NON

FORMACIÓN:**ACCESO Á UNIVERSIDADE**

- 1.-
- 2.-
- 3.-

TITULACIÓN UNIVERSITARIA DE GRADO OU EQUIVALENTES:

- 1.-
- 2.-
- 3.-

ANEXO II.

En relación co establecido na LOPD de carácter persoal, o Concello procede a informar que os datos obtidos serán incorporados a un ficheiro do que será responsable o Concello, con enderezo social en Praza de España de Friol. Os datos obtidos son co consentimento do/a interesado/a. O obxecto do tratamento será a xestión da relación contractual entre o Concello e o/a solicitante. O/a interesado/a gozará en todo momento dos dereitos de accesos, rectificación, cancelación e oposición garantidos por lei vixente. O/a titular dos datos comprométese a comunicar por escrito en calquera momento ao Concello, calquera modificación dos datos aportados.

R. 3522

LOURENZÁ*Anuncio***Aprobación inicial do Regulamento polo que se desenrola o réxime de control interno simplificado do Concello de Lourenzá.**

Aprobado inicialmente o Regulamento polo que se se desenrola o réxime de control interno simplificado do Concello de Lourenzá, por Acordo do Pleno de data 10 de novembro de 2023, sométese a información pública polo prazo de trinta días, a contar dende o día seguinte a inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, estará a súa disposición na secretaria deste Concello, para que poida ser examinado e presentar as reclamacións y suxerencias que se estimen oportunas durante dito prazo.

No caso de non presentarse reclamacións no el citado prazo, entenderase definitivamente adoptado o acordo sen necesidade de acordo expreso.

Lourenzá, 10 de novembro de 2023.- A ALCALDESA PRESIDENTA, Rocío López García.

R. 3533

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 10/11/2023, o Orzamento Municipal para o exercicio económico do ano 2023, a Plantilla do persoal e as Bases de Execución para dito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles – que empezará a contar dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia-, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas á Sra. Alcaldesa – Presidenta desta Corporación.

Lourenzá, 10 de novembro do 2023.- A ALCALDESA, ROCÍO LÓPEZ GARCÍA.

R. 3534

Anuncio

O Pleno do Concello de Lourenzá, na sesión celebrada o día 10 de novembro de 2023, adopta o acordo de aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lourenzá para os exercicios 2023-2025, o que se fai público para xeral coñecemento e efectos:

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DO CONCELLO DE LOURENZÁ PARA OS EXERCICIOS 2023-2025.

A lexislación vixente en materia de subvencións ten como obxectivo fundamental que a actividade pública, tradicionalmente coñecida como de fomento e promoción, desenvolver dentro dos parámetros que a propia lei impón, establecendo os mecanismos adecuados para o seu control previo e avaliación posterior, favorecendo o fomento da actividade de interese público e xeneral que realiza a sociedade civil estruturada.

E para iso, a Lei obriga ao sometemento desta actividade aos principios de:

- Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- Control da discrecionalidade administrativa.
- Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en aras a mellorar a eficacia do outorgamento de subvencións, establece a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden obter, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento e de forma plurianual.

A elaboración do Plan Estratéxico de Subvencións permite unha mellor selección das prioridades de gasto e unha maior previsión e control do gasto que cada Administración destina ao outorgamento de subvencións nun determinado período, establecendo, ademais, uns indicadores que posibilitan a avaliación das políticas públicas que se instrumentalizan mediante a concesión de subvencións.

O art. 8.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións establece que “os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións, os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”, precepto que, conforme establece a Disposición Final Primeira da citada Lei ten carácter básico, polo que todos os Concellos que pretendan outorgar subvencións deben aprobar o seu correspondente Plan Estratéxico de Subvencións.

O Concello de Lourenzá, coa finalidade de dar cumprimento a esta disposición que, de acordo con a disposición final primeira da citada Lei, constitúe lexislación básica do Estado, procede á aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lourenzá para os exercicios 2023-2025.

Artigo 1. Obxecto do Plan Orzamentario

O Plan creado pola Lei Xeral de Subvencións concíbese como un instrumento necesario para conectar a política de asignación orzamentaria aos rendementos e obxectivos alcanzados en cada política pública xestionada a través de subvencións, configurándose, por iso, como instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

O contido do presente Plan está referido ás previsións de subvención que se contemplarán no Orzamento Municipal do Concello de Lourenzá para o exercicio de 2023, así como ás previsións de subvención contempladas nos plans orzamentarios para os exercicios 2024 e 2025.

Artigo 2. Natureza xurídica.

Os Plans Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigacións para a administración.

Artigo 3. Competencia.

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, é o Pleno do Concello, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica, de acordo con o previsto no apartado d) do artigo 22.2 da Lei de bases de Réxime Local.

Artigo 4.—Obxectivos xerais.

- Cumprir o mandato legal recollido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, que no seu artigo 8.1 obriga aos Concellos que pretendan outorgar subvencións, a aprobar o seu correspondente Plan Estratéxico.
- Incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto pública subvencional.
- Optimizar o acceso da cidadanía ao feito subvencional con garantías de transparencia, uniformidade de criterio municipal e de libre concorrència.
- Ordenar e racionalizar a xestión municipal subvencional dotándoa de transversalidade na súa planificación, sistematicidade nos seus procedementos e de ferramentas técnicas para a súa avaliación.

Artigo 5.— Obxectivos estratéxicos.

1. As subvencións terán como obxectivo promocionar e apoiar a participación cidadá, nos seguintes supostos:

- a) Actividades destinadas a situacións de emerxencia social e apoio económico á intervención.
- b) Actividades destinadas a rehabilitación e conservación da vivenda.
- c) Activades destinadas ao fomento da cultura.
- d) Activades destinadas á promoción do deporte.

e) Calquera outra actividade no marco dos principios reitores da política social e económica que deben rexer a actividade dos poderes públicos e que se contemplan no Capítulo III do Título I da Constitución Española, que sexan complementarias da actividade municipal e susceptibles de subvencionar por dirixirse a un colectivo de poboación determinado.

2. Son subvencionables as actividades que se realicen durante o ano da súa petición nos termos municipais e referidos ás actividades anteriormente relacionadas.

3. Tamén poderán ser subvencionables outras actividades que non se realicen no termo municipal e que incidan na vida dos veciños de Lourenzá.

Artigo 6.—Obxectivo de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as convocatorias específicas acomodaranse en cada momento aos devanditos obxectivos e todo iso, de acordo con o disposto na Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira.

Artigo 7.—Carácter programático do Plan.

O Plan ten carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigacións.

A súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio. Con todo, o establecemento de subvencións por este Concello axustarase ao previsto no este Plan.

O Plan desenvolverase anualmente en liñas ou programas de subvención, de conformidade coas determinacións e previsións do orzamento vixente.

As liñas e programas de subvención haberanse de determinar en atención a circunstancias sociais, humanitarias, económicas ou de interese público, e de conformidade así mesmo coa actividade de fomento que vén desenvolvendo este Concello.

Ao tempo de elaboración deste documento as liñas ou programas de subvención que se contemplan (en atención ás actividades que veñen sendo obxecto de subvención municipal) son:

- Liña estratéxica n.º 1: Servizos Sociais
- Liña estratéxica n.º 2: Fomento da rehabilitación de vivenda
- Liña estratéxica n.º 3:Fomento da cultura
- Liña estratéxica n.º 4: Fomento do deporte

Liña estratéxica n.º 1: Servizos Sociais

Obxectivos: Previr, evitar ou paliar situacións carenciais, urxencias sociais ou situacións de marxinación social, que provocan risco de exclusión social dos individuos ou familias que as padecen.

Custos previsibles: 3.000,00 €

Financiamento: Subvencións doutras Administracións e no seu caso complementado con fondos municipais.

Liña estratéxica n.º 2: Fomento da rehabilitación de vivenda

Obxectivos: dada a importancia do patrimonio arquitectónico da zona e a necesidade de mellorar a calidade de vida dos habitantes do concello, considérase fundamental levar a cabo políticas que estimulen a rehabilitación e conservación de vivendas do concello, especialmente aquelas que melloren a accesibilidade e a eficiencia enerxética.

Custos previsibles: 50.000,00 €

Financiamento: Subvencións doutras Administrativas e no seu caso complementado con fondos municipais.

- Liña estratéxica n.º 3:Fomento da cultura

Obxectivos: dada a importancia da actividade cultural e a necesidade de mellorar a calidade de vida dos habitantes do concello, considérase fundamental levar a cabo políticas que promovan as actividades culturais, os festexos tradicionais, as festas populares, especialmente aquelas de maior arraigamento na cultura popular laurentina.

Custos previsibles: 10.000,00 €

Financiamento: Subvencións con fondos municipais.

- Liña estratéxica n.º 4:Fomento do deporte

Obxectivos: dada a importancia da actividade deportiva no Concello, considérase fundamental levar a cabo políticas que promovan as actividades deportivas, campionatos, probas e todo tipo de competicións, que axuden aos xóvenes e maiores do Concello para manter unha vida saudable, activa e promovan a vida social, a integración dos xóvenes na práctica de actividades deportivas e axudar á comunidade educativa a educar na práctica do deporte.

Custos previsibles: 7.000,00 €

Financiamento: Subvencións con fondos municipais.

Artigo 8.— Custos previsibles e financiamento.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos orzamentos municipais de cada ano, no seu caso nos orzamentos prorrogados, así como a vixencia e/o aprobación das bases ou normas reguladoras da súa concesión.

Non poderán outorgarse subvencións por contía superior á que se determine orzamentariamente. Os créditos orzamentarios teñen carácter limitativo e vinculante polo que non se poderán adquirir compromisos de gastos superiores ao seu importe.

As fontes de financiamento dos diferentes programas e liñas de subvención estarán referidas sempre ás correspondentes aplicacións orzamentarias e á contía económica recollida na partida orzamentaria en cada unha das anualidades.

Artigo 9.—Principios xerais do Plan.

— Publicidade e libre concorrencia mediante convocatoria previa na que se garanta a obxectividade, transparencia, publicidade, concorrencia e igualdade na distribución de fondos públicos, iso sen prexuízo da posible concesión directa que, de conformidade co establecido na norma aplicable, deberá contar co correspondente crédito e expresarse de forma nominativa no documento orzamentario vixente.

— Concesión conforme a criterios obxectivos previamente establecidos na convocatoria a fin de garantir o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios/as.

— Eficacia no cumprimento dos obxectivos marcados e eficiencia na asignación de recursos públicos, debéndose xustificar cuantitativa e cualitativamente.

— Control e análise da adecuación dos fins das entidades solicitantes aos principios de igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

— Os programas de subvencións quedarán condicionadas á existencia de dotación orzamentaria adecuada e suficiente.

— Con carácter previo, no seu caso, simultáneo ao outorgamento das subvencións ou concesións directas (no seu caso mediante a subscripción de Convenios), deberá efectuarse a aprobación do gasto en termos previstos nas normas orzamentarias do Concello de Lourenzá.

— De forma previa ao outorgamento das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, deberán estar aprobadas as normas ou bases reguladoras da concesión.

Artigo 10.—Procedementos de concesión.

Tanto os procedementos de adxudicación directa como os de concorrencia competitiva deberán respectar os principios sinalados neste Plan.

Os procedementos de concesión das subvencións e axudas son os seguintes:

a) Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva:

Segundo o art. 22.1 LGS, o procedemento ordinario de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

Neste procedemento a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo con os criterios de valoración previamente fixados nas Bases reguladoras e na convocatoria; e adxudicar, co límite fixado na convocatoria aquelas que obteñan unha maior valoración.

As Bases da convocatoria, nos procedementos de concorrencia deberán conter:

1. O obxecto da subvención e o interese que se pretende satisfacer.
2. Beneficiarios.
3. Requisitos formais da solicitude.
4. Partida orzamentaria, contía e límites da subvención.
5. Criterios de valoración en función da natureza da subvención
6. Órganos de valoración.
7. Órgano competente para resolver.
8. Dereitos e obrigacións dos beneficiarios.
9. Xustificación da subvención, con expresa mención da aplicación dos fondos percibidos, así como do cumprimento dos obxectivos.

10. Requisitos e forma de pago da subvención.

b) Subvencións concedidas de forma directa:

Á vista do art. 22.2 LGS, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento deste Concello. Enténdese por subvención prevista nominativamente nos orzamentos, aquela que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente estado orzamentario.

Aquelas subvencións cuxo outorgamento ou contía veña imposto ao Concello por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo con a súa propia normativa.

Artigo 11.— Modificación do Plan.

Se en atención a circunstancias motivadas, é necesario adoptar e incentivar novas liñas e programas de subvención, o presente Plan Estratéxico entenderase modificado automaticamente. Dado o carácter económico desta modificación, esta realizarase por medio das modificacións orzamentarias necesarias conforme ao disposto na Sección Segunda do Capítulo I do Título IV do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, relativa aos “Créditos e as súas modificacións” así como no Real Decreto 500/1990 do 20 de abril polo que se desenvolve o citado Capítulo, respectando os contidos xerais básicos e programáticos, así como o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Artigo 12.— Seguimento e avaliación.

Corresponde o seguimento e avaliación do presente Plan Estratéxico de Subvencións ao Pleno, será o órgano competente para avaliar o grao de cumprimento do Plan, a eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos, a elaboración das conclusións, así como efectuar propostas e suxestións para a elaboración do seguinte Plan Estratéxico de Subvencións.

Artigo 13.— Vixencia.

Estímase como prazo necesario para a consecución dos obxectivos do presente Plan Estratéxico de Subvencións os exercicios orzamentarios 2023 a 2025.

Con todo, en ausencia de aprobación dun novo Plan Estratéxico de Subvencións permanecerá vixente de forma indefinida.

Disposición final: Este Plan Estratéxico de Subvencións entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lourenzá, 10 de novembro de 2023.- A Alcaldesa Presidenta, Rocío López García.

R. 3535

Anuncio

O Pleno do Concello de Lourenzá en sesión extraordinaria celebrada o día 10 de novembro de 2023, aprobou o Plan de Medidas Antifraude do Concello de Lourenzá, cuxo texto íntegro, literalmente transcrito, é o que segue:

PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DEL AYUNTAMIENTO DE LOURENZÁ.

Antecedentes

La Unión Europea tiene un notable bagaje en la lucha contra el fraude y cualquier otra actividad ilegal que perjudique a los intereses financieros de la Unión.

Las propias bases que conforman el sustrato de la Unión, como el Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea (TFUE), recogen disposiciones centradas en la adopción de medidas antifraude que tengan un efecto disuasorio y ofrezcan una protección eficaz en los Estados miembros, instituciones, órganos y organismos de la Unión.

Recientemente, la Unión Europea ha hecho una apuesta por dotar de fondos comunitarios a los Estados Miembros para dar respuesta a la grave crisis económica y social derivada del COVID-19. Así, se ha articulado NEXT GENERATION EU (NGEU).

Ese fondo no responde a los mecanismos habituales de Financiación Comunitaria. Es un fondo extraordinario y sin precedentes en la historia de la Unión Europea. Es un fondo que se superpone a los Marcos Financieros Plurianuales Europeos 2014-2020 (actualmente, en ejecución) y 2021-2027 (actualmente, en fase de programación). La aportación de NGEU supone duplicar el presupuesto comunitario en los próximos años.

Incorporará 750.00 millones de euros al más de 1 billón de euros que contempla el Marco Financiero Plurianual para el periodo 2021-2027.

Dentro de NGEU hay varios programas. Uno de los principales es el Mecanismo de Recuperación y Resiliencia (MRR), que se ha dotado del Reglamento (UE) 2021/241 del Parlamento Europeo y del Consejo de 12 de febrero de 2021 por el que se establece el Mecanismo de Recuperación y Resiliencia.

En el artículo 22 de dicho Reglamento, se establece la obligación de los Estados Miembros de tomar las medidas oportunas para prevenir, detectar y corregir el fraude y la corrupción y ejercitar acciones legales para recuperar los fondos que han sido objeto de apropiación indebida.

En España, los fondos de dicho Mecanismo se vehiculan a través del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, que fija hitos y objetivos de estricto cumplimiento, que fue aprobado definitivamente por la Comisión Europea el pasado 16 de junio.

A su vez, el pasado 29 de septiembre se publicó la Orden HFP 1030/2021, por la que se configura el sistema de gestión del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, que exige que todas aquellas entidades, decisoras o ejecutoras, que participen en la ejecución del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR, en lo sucesivo) deberán disponer de un Plan de Medidas Antifraude que le permita garantizar y declarar que, en su respectivo ámbito de actuación, los fondos correspondientes se han utilizado de conformidad con las normas aplicables, en particular, en lo que se refiere a la prevención, detección y corrección del fraude, la corrupción y los conflictos de intereses.

Concretamente la Orden establece la obligación por parte de cualquier órgano gestor o ejecutor de proyectos financiados con cargo a Next Generation EU, de un Plan de Medidas Antifraude que responda, de manera efectiva, a sus requerimientos.

Tanto el artículo 6 de la Orden, como los anexos II.B.5 y III.C, establecen el contenido mínimo y los elementos que toda entidad interesada en este tipo de planes debe tener en cuenta para evitar que se produzcan situaciones de fraude, corrupción y conflicto de intereses que puedan poner en juego los intereses financieros de la Unión Europea.

Se establece, además, que toda entidad ejecutora debe de disponer de este plan en el plazo improrrogable de 90 días *“desde que se tenga conocimiento de la participación en el Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia”*.

El presente documento responde a dicho requerimiento, como respuesta del Ayuntamiento de Lourenzá a su participación en el citado Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

NORMATIVA

- El Reglamento (UE) 241/2021 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 12 de febrero de 2021, por el que se establece el Mecanismo de Recuperación y Resiliencia, que en su Artículo 22, establece la obligación de los Estados Miembros de tomar las medidas oportunas para prevenir, detectar y corregir el fraude y la corrupción y ejercitar acciones legales para recuperar los fondos que han sido objeto de apropiación indebida.
